

Eduardo Pondal Abente é para algún o primeiro poeta galego moderno que independiza a literatura galega do seguidismo da literatura castelán, dotándoa dun discurso independente. É un autor posromántico que se achega ao simbolismo. Pondal recrea o pasado histórico de Galicia e elabora un mundo poético pobado de personaxes cargados dunha forte carga simbólica (guerreiros, bardos) que habitan unha terra na que os elementos da paisaxe adquiren valores engadidos.

Pondal baseará a súa estética no celtismo como fundamento ideolóxico que xustifica o feito diferencial galego. Esta teoría propugnaba a orixe celta das raíces étnicas galegas, e foi sustentada sobre todo polos historiadores Murguía e Benito Vicetto. A súa poesía pretende devolver aos galegos o orgullo de selo creando un imaxinario digno dos herdeiros daquela raza: esforzados, heróicos, ceibes dos xugos e de asoballamentos.

Pondal naceu en Ponteceso, na comarca de Bergantiños en 1835 e morreu na Coruña en 1917. Foi de orixe fidalga e mantívose solteiro toda a súa vida e viviu grazas á fortuna familiar. Estudou a carreira de medicina aínda que só traballou (como médico militar) catro anos. Participou nas actividades do Liceo de la Juventud e interveu no banquete do Conxo, lendo no brinde uns poemas. Formaba parte do grupo coruñés da Cova Céltica que defendían a orixe celta da nación galega.

Distinguimos dúas etapas na produción de Pondal: a primeira etapa caracterízase polo predominio do romanticismo. Nesta etapa publicou a primeira versión de *Os Eoas* (obra que o ocupou toda a súa vida), e o poema “a campana de Anllóns” (1858). Na segunda etapa (1877-1886) Pondal xa é un poeta rexionalista e corresponde coa época do **bardismo** pondaliano: o autor asume o papel de bardo, de poeta que narra as fazañas dos guerreiros e ten o compromiso de difundilas. A esta etapa pertencen dous títulos: *Rumores de los pinos* (1877) e *Queixumes de los pinos* (1886), versión definitiva do anterior. Nesta segunda época reelaborou novamente *Os Eoas*, adaptándoa aos principios da Cova Céltica.

Os Éoas son un longo poema épico protagonizado por Cristovo Colombo, inicialmente narraba a xesta individual do descubridor, na segunda versión adáptao á ideoloxía rexionalista converténdoa nunha epopea colectiva sobre o descubrimento de América e a chegada da fe católica.

Queixumes dos pinos (1886) é a súa obra máis importante e con ela conságrase como bardo do pobo galego. O conxunto inicial de 30 poemas iranse ampliando nas sucesivas edicións. Aquí manifestase claramente un simbolismo idealizante. Posúe dúas veas poéticas: dun lado a **cívica**, xirando arredor do celtismo, o bardismo e o espartanismo (valoración positiva do espírito marcial e machista); a segunda liña é a **lírica** con poemas que tratan sobre a muller (como obxecto de pracer ou como idealización da beleza) e da natureza (especialmente a paisaxe de Bergantiños. Un dos aspectos máis polémicos na obra de Pondal é o seu tratamento violento, depredatorio e degradante que se lle dispensa á muller nalgún dos seus poemas.

O estilo de Pondal caracterízase polo emprego de combinacións estróficas variadas, xeralmente procedentes da versificación clásica. Outra das características da súa obra é a humanización da paisaxe galega. De feito moitos dos seus héroes teñen nomes da toponimia da comarca de Bergantiños. Tamén é característico da súa poesía a oposición forza-febleza, onde a forza representa o masculino, o férreo, enérxico, audaz e ceibe; pola contra a febleza vén representado polo feminino, o brando, o doce, o pusilánime, o infame e o escravo. Utiliza certos epítetos que substitúen sempre a certos substantivos con forte carga simbólica: os rumorosos son os pinos; as vagabundas son as andoriñas, o sublime é o bardo...

Por último cómpre sinalar o seu esforzó por crear un modelo de lingua literaria que se adecuase á súa poesía culta e heróica, un galego que servise de modelo de referencia para a posteridade, de xeito que depura hiperenxebrismos, incorpora cultismos de orixe grega e latina, e non utiliza practicamente nunca castelanismos.